



resumo en lectura fácil da obra

RECORTES

CANEOS E OUTRAS FORMAS DE DRIBLAR

Tito Asorey é o director desta obra.

Nacho Carretero e José Luis Prieto son os escritores desta obra.

páxina web da obra: recortes.gal



Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 5
Recortes, caneos e outras formas de driblar.....	páxina 6
As actrices e os actores.....	páxina 7
Que nos conta esta obra de teatro.....	páxina 8
Como é o escenario.....	páxina 10
Canto tempo dura a obra de teatro.....	páxina 10

Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra, por exemplo, o nome dos personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é

Recortes, caneos e outras formas de driblar



O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego organiza esta obra de teatro.

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro.

As compañías de teatro son un grupo de persoas
que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia
e comezou a traballar no ano 1984.

Está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere
que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais
que traballan nas obras de teatro.

Recortes, caneos e outras formas de driblar

O título desta obra de teatro é

Recortes, caneos e outras formas de driblar.

Tito Asorey é o director desta obra de teatro.



Foto de Tito Asorey

José Luis Prieto e Nacho Carretero
son os escritores desta obra de teatro.

José Luis Prieto escribe esta obra de teatro
baseándose nunha investigación sobre o fútbol
do periodista Nacho Carretero.

A obra de teatro é unha crítica ao mundo do fútbol.
A obra de teatro ensina como se comportan
as persoas que participan no mundo do fútbol.
Por exemplo, os xogadores, os adestradores ou os afeccionados.

Esta obra de teatro é unha comedia musical.
É unha comedia porque as personaxes de obra
usan o humor para contar a súa historia.
É un musical porque as personaxes da obra
cantan durante a obra.

A actriz e os actores



Xosé A. Touriñán



Manuel Cortés



Christian Escuredo



Xoán Fórneas



Isabel Garrido



Sergio Zearreta

Que nos conta esta obra de teatro?

Esta obra de teatro

fala dos desexos e os comportamentos

das persoas que participan nun partido de fútbol.

Nun partido de fútbol participan moitas persoas:

- Xogadores
- Adestradores
- Periodistas
- Directores dos equipos de fútbol
- Árbitros
- Afeccionados

A obra de teatro presenta a parte do fútbol que se ve

pero tamén a parte de fútbol que vemos menos,

por exemplo:

- A violencia dos afeccionados
- Os problemas que sofren os xogadores
- O machismo no fútbol.

Por exemplo, os afeccionados pensan que os equipos masculinos son mellores que os equipos femininos

- Os partidos amañados.

Por exemplo, a dirección dun equipo paga aos xogadores doutro equipo para que perdan un partido

- A obra de teatro tamén fala dos desexos que as persoas non lles queren ensinar a outras persoas. Por exemplo, por medo ao que dirán as outras persoas.



Como é o escenario?

O escenario desta obra de teatro cambia moi pouco dende o principio da obra ata o final da obra.

Ao principio da obra podes ver no escenario a herba dun campo de fútbol, uns escalóns e unha parede cunha porta.

Despois, a parede cunha porta cambia por unha parede con focos.

Canto dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura 1 hora e 30 minutos.



Adaptación a lectura fácil:

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por M.^a Dolores Portela León FADEMGa Plena inclusión Galicia.

Adaptación realizada por FADEMGa Plena inclusión Galicia Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade cognitiva subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF).

Validación da adaptación:

FADEMGa Plena inclusión Galicia.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada.

© Inclusion Europe

Máis información en www.inclusion-eu



DESCARGA O PROGRAMA
EN LECTURA FÁCIL

